



## O Parlamento de Galicia porá a proba a súa saúde pulmonar o próximo martes para previr e tratar a tempo a EPOC

. O vindeiro 9 de novembro de 2010 celébrase no Parlamento de Galicia a 'Xornada EPOC: un reto, un compromiso', organizada pola Sociedade Española de Pneumoloxía e Cirurxía Torácica (SEPAR) e a Universidade dos Pacientes

. Os deputados, funcionarios e xornalistas poderán realizar unha sinxela proba médica de detección desta enfermidade neumolóxica que afecta a un 10,2% da poboación entre 40 e 80 anos (un de cada 10) e cunha alta taxa de infradiagnóstico que alcanza o 73%

**Santiago, 5 de novembro de 2010.** O próximo martes, 9 de novembro de 2010, os parlamentarios do Parlamento de Galicia terán oportunidade de someterse a unha proba de diagnóstico para coñecer se poderían sufrir EPOC (Enfermidade Pulmonar Obstrutiva Crónica). A Sociedade Española de Pneumoloxía e Cirurxía Torácica (SEPAR) e a Universidade dos Pacientes da Fundació Josep Laporte organizan a Xornada "EPOC: un reto, un compromiso".

O obxectivo desta xornada é sensibilizar e concienciar a poboación sobre unha enfermidade que se pode previr, pero que aínda ten unha elevada prevalencia e está pouco diagnosticada. Esta enfermidade neumolóxica afecta a un 10,2% da poboación entre 40 e 80 anos (un de cada 10) e presenta unha alta taxa de infradiagnóstico que alcanza o 73%

Cada ano morren 18.000 españois por causa da EPOC, feito que a converte na primeira causa de morte evitable en España e na única patoloxía relacionada co tabaco cuxa mortalidade segue aumentando.

Os parlamentarios, funcionarios e xornalistas acreditados no Parlamento de Galicia poderán someterse, durante esa xornada, a unha espirometría, unha proba moi sinxela que, en tan só uns minutos, mide a capacidade pulmonar e permite coñecer a función respiratoria da persoa á que se lle realiza. A continuación, un pneumólogo ofreceralles recomendacións para manter ou mellorar a súa saúde pulmonar.

Xornada EPOC: un reto, un compromiso

Parlamento de Galicia: C/ Rúa de Hórreo, 63.

Día: Martes, 9 de novembro de 2010

Hora: 9:30-14:30 horas

Saúdos, Gabinete de Comunicación